

Por cada quilovatio-hora (kWh.) de electricidade que aforramos evitámo-la emisión de 800 gramos de CO₂ ó medio.
(Unha estufa consome nunha hora 3 Kw. Xera 3 quilos de CO₂)

✓ Por que ser eficientes?

A temperatura do planeta aumenta: o nivel dos océanos aumentou 20 cms. nos últimos 140 anos.

Durante o 2000 vertéronse 24 millóns de toneladas de CO₂ á atmosfera.

As terras que sufriron degradacións serias nos últimos 50 anos abarcarían unha superficie similar a toda a Comunidade Europea.

Un 3% da auga da terra é doce pero só un 0.003% é accesible para o consumo humano. 1.500 millóns de persoas carecen de abastecemento de auga potable.

✓ Para conserva-lo medio necesitaremos:

SER EFICIENTES:
aforrar enerxía repercutirá no medio e na nosa economía.

UTILIZAR ENERXÍAS RENOVABLES:
máis limpas e inesgotables.

Porcentaxe de enerxía que podemos aforrar con respecto á que consumimos antes de converternos en consumidores enerxéticos responsables.

Enerxía aforrada

- Lámpada de baixo consumo **80%**
- Lavados en frío **50/90%**
- Usa-lo transporte colectivo **80%**
- Casa ben illada **50/90%**
- Ducha en lugar de baño **100 litros**
- Electrodomésticos de baixo consumo **55/70%**

SOTAVENTO GALICIA

INSTALACIÓNS PARQUE EÓLICO | Momán - Xermade (Lugo)
Tif.: 981 44 10 20
Fax: 981 44 10 28

ENDEREZO SOCIAL | FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA
Hórreo, 94 entrechán esq. - Apdo. 77
15702 Santiago de Compostela
Tif.: 981 56 37 77
Fax: 981 57 26 90

www.sotaventogalicia.com



Guía do consumidor eficiente

Conellos prácticos para aforrar enerxía na nosa vida cotiá.

FUNDACIÓN
SOTAVENTO
GALICIA

A enerxía máis eficiente é a que non consumimos

1 Ó adquirir un novo electrodoméstico busca a **etiquetaxe enerxética**, e elixe o que menos enerxía consuma. Clasifícanse por letras do **A: "Aforro"**, ó **G: "Gasto"**.

Un frigorífico "A" pode aforrar un **70%** máis ca outro de similares características



2 **Apaga os aparatos cando non os utilizas.**

Deixa-lo piloto do televisor acendido supón un consumo de **33%** de enerxía




3 **Evita usar pilas** porque a súa enerxía é 600 veces máis cara cá da rede, e ademais son moi contaminantes.

4 **Acondiciona a túa vivenda con criterios bioclimáticos** para aproveitar ó máximo a radiación solar. Podes acadar un aforro de ata un 60% sen sobrecusto da construción.

5 **Illa ben a túa casa**, se tes calefacción ou aire acondicionado pecha portas e ventás.

A temperatura idónea son **20°C**, aumentala é un gasto innecesario



6 **Tenta mante-la calor propia da vivenda.** Ventila a túa casa, pero non máis de 10 minutos ó día.

A enerxía solar térmica pode achegar ata un **60%** da auga quente da túa vivenda en condicións rendibles



7 **Instala lámpadas de baixo consumo**, estas duran 10 veces máis cáas normais, e consomen a quinta parte da enerxía. Aforrará 11 euros ó ano.

LUZ CONVENCIONAL	BAIXO CONSUMO
100W	20 W
60 W	15 W
40 W	9 W

8 **Lava con auga fría e programas curtos.** O 85% de enerxía consumida emprégase en eleva-la temperatura da auga.

9 **Optimiza o uso da auga.** Lavar a man a vaixela resulta un 60% máis caro ca facelo nun lavalouza a plena carga. Podes regula-lo caudal das súas billas con sinxelos accesorios, aforrarás moitos litros.

Mete botellas cheas de auga na cisterna: aforrarás o equivalente ó contido desas botellas



10 **Utiliza transportes públicos** ou comparte o coche para ir ó traballo, estarás coidando o medio.



Se paras máis de dous minutos apaga o coche, aforrarás combustible

11 **Evita produtos de limpeza agresivos**

Un xabón neutro serviranos para toda a limpeza doméstica



12 **Evita os aerosois, son causantes do efecto invernadoiro** e da destrución da capa de ozono.

13 **Reutiliza e recicla;** non debes consumir-los produtos con excesiva embalaxe.

14 **Evita bebidas en lata.** A enerxía para producila e transportala equivale á metade dun bote cheo de petróleo



15 **Revisa tódalas instalacións.** Unha billa goteando cada segundo supón 30 litros ó longo do día. Para revisa-la instalación eléctrica, apaga tódolos electrodomésticos e lámpadas e comproba o xiro do disco no seu contador.




16 **Repoñe-las xuntas dos frigoríficos baixa o seu consumo ata un 40%.** O refrixerador suma o 21% da factura eléctrica.

17 **Substitúe o baño pola ducha.** Aforrarás ata 100 litros de auga.



DUCHA	BAÑO
30-40 L	100-130 L

18 **Aforra enerxía ó cocinar.** Tapa-las cazarolas supón un aforro do 60%. Non abra-lo forno se non é necesario, perde de 25 a 500C.



O uso dunha ola a presión aforra o **24%** de enerxía

19 **Utiliza formas de enerxía eficientes.** Quentar auga con gas en lugar de electricidade, pode supoñe-lo aforro de media tonelada de CO₂ emitida por familia. Unha ducha eléctrica é coma 40 focos de 100w acendidos á vez, unha estufa equivale a 10.

20 **A tarifa nocturna resulta o 50% máis barata.** Lembra, pola noite reduce-los gastos á metade, aprovéitao.